BANDO MUNICIPAL

Horarios establecimientos públicos de hostalería e de lecer nocturno por Samaín

Don Alberto Romar Landeira
Alcalde-Presidente do Concello de Santa Comba, A Coruña

FAGO SABER:

O decreto da alcaldía do 31/10/2026, sobre a ampliación extraordinaria de horarios en establecementos de hostalería e de lector nocturno con motivo da celebración do Samaín:

DECRETO DA ALCALDÍA POLO QUE SE RESOLVE A AMPLIACIÓN EXTRAORDINARIA DO HORARIO DE PECHE DOS ESTABLECEMENTOS DE HOSTALARÍA E DE LECER NOCTURNO CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO *SAMAÍN.*

Expediente *Tedec* número: 2026/C003/001884
Referencia expediente: RE/2026/SAMAIN.

OS FEITOS

1. A celebración do *Samaín*, (confluente coas festividades tradicionais de Todos os Santos e Fieis Defuntos), constitúe unha manifestación cultural de fondo arraigo etnográfico, histórico e patrimonial na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta tradición, vinculada ao cambio de estación e á memoria colectiva, experimentou unha notable revitalización popular nos últimos anos, converténdose nun evento, sen dúbida, de interese turístico, comercial e de lecer para toda a cidadanía.
   A singularidade desta data xera unha excepcional afluencia de persoas nas vías públicas e unha demanda extraordinaria de servizos que xustifica a adopción de medidas organizativas especiais para canalizar a actividade económica, anticipar a xestión da orde pública e garantir a seguridade.

2. Cómpre compatibilizar o desenvolvemento das actividades de lecer e a dinamización económica co dereito ao descanso dos residentes durante o *Samaín*.

A LEXISLACIÓN APLICABLE E CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. A normativa aplicable:

   - A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, (en diante LBRL), (BOE número 80 do 03/04/1985).
   - A Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, (DOG número 1 do 02/01/208 e BOE número 60 do 11/03/2023), (en diante LEPARG).
   - A Orde do 23 de outubro de 2020 da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo da Xunta de Galicia, pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, (DOG núm. 219 do 30 de outubro de 2020).

2. O municipio ten a potestade de promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, en estrita

CVD: xEv0DnDSKlXupZAEjkR5 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.santacomba.es/

concorrencia coas competencias de intervención e policía administrativa de espectáculos conferidas pola lexislación sectorial, ao abeiro do artigo 25.1 da LBRL.

3. A LEPARG establece o réxime xurídico de intervención administrativa en establecementos abertos ao público e o marco de distribución de competencias locais.

4. As alcaldías están facultadas para autorizar ampliacións de horarios con motivo de festividades de carácter tradicional, estacional ou popular. Esta potestade exércese lexitimamente de oficio polo órgano competente cando razóns de interese público e dinamización social así o aconsellen, sen requirirse un informe técnico previo preceptivo ao tratarse dunha prórroga xeral de carácter estacional, ao abeiro do artigo 17.2 da citada LEPARG, en relación co establecido no artigo 9 da Orde do 23 de outubro de 2020, que faculta expresamente ás alcaldías para autorizar ampliacións de horarios con motivo das festas e verbenas populares.

5. Débese respectar o disposto no Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, en concordancia coa lexislación básica estatal definida na *Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído* e os obxectivos de calidade acústica fixados no *Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro*.

6. A ampliación horaria non exime en ningún caso ás persoas titulares dos establecementos do cumprimento dos límites de emisión sonora autorizados nas súas respectivas licenzas de actividade ou comunicacións previas.

7. Os sistemas de illamento acústico e, de ser o caso, os dispositivos limitadores-rexistradores, deberán estar plenamente operativos e non poderán ser manipulados nin alterados.

8. Deberanse garantir as condicións de evacuación, mantendo as saídas de emerxencia libres de obstáculos, así como o respecto estrito ao aforo máximo autorizado por motivo de seguridade e autoprotección.

De acordo co anterior, ao abeiro do artigo 21.1.s da Lei 7LBRL, en relación coas competencias sectoriais expresamente atribuídas á alcaldía polo artigo 17 da LEPARG, o artigo 9 da Orde do 23 de outubro de 2020, e no exercicio das facultades de dirección da policía administrativa local do artigo 21.1.a do citado texto legal, **RESOLVO:**

1. Autorizar, con carácter extraordinario e temporal, a ampliación en **dúas (2) horas** do horario de peche de todos os establecementos de hostalaría e de lecer nocturno legalmente autorizados no termo municipal.

2. O período de aplicación desta medida extraordinaria estenderase dende a noite do **sábado 31 de outubro** ata o **domingo 1** de novembro **de 2026**.

3. Esta ampliación non outorga dereito legal a modificar as condicións técnicas das licenzas nin supón a rebaixa das esixencias en materia de seguridade, aforo máximo, hixiene ou prevención de ruídos fixadas pola lexislación vixente.

4. Lembrar aos titulares dos establecementos a obriga de colaborar, velar por evitar aglomeracións e condutas incívicas nas portas dos locais que perturben o descanso veciñal.

5. Comunicar este decreto á Comandancia do Posto da Garda Civil de Santa Comba e á Policía Local para os efectos do seu coñecemento, vixilancia e control do estrito cumprimento do disposto nesta resolución.

6. Publicar este decreto no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica municipal para xeral coñecemento.

7. Dar conta ao Pleno da Corporación municipal na primeira sesión ordinaria que realice".

O que fago público para xeral coñecemento e cumprimento dunha maneira cívica e

CVD: xEv0DnDSKlXupZAEjkR5 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.santacomba.es/

respectuosa co ben común.

Santa Comba, na data da sinatura dixital

O alcalde

Alberto Romar Landeira

CVD: xEv0DnDSKlXupZAEjkR5 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.santacomba.es/